



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al fraude en el etiquetado de productos del mar**.

La Universidad de Cantabria acaba de hacer público un estudio en el que se indica que el fraude en el etiquetado de productos del mar asciende a 683,3 millones de euros de valor medio atendiendo al pescado y marisco mal identificado y que cifra el impacto en las economías domésticas en 320,1 millones de euros. El fraude, fundamentalmente a través de la sustitución de especies y el etiquetado incorrecto de productos pesqueros, tiene consecuencias económicas, ambientales y sobre la confianza de los consumidores, en un contexto general de descenso del consumo de pescado y productos pesqueros.

Algunas de las especies sustituidas que se mencionan son, por ejemplo, hacer pasar el abadejo por bacalao o merluza, salmón del Pacífico por salmón del Atlántico, rape blanco por rape negro o vender especies de túnidos de menor valor como si fueran atún rojo. Asimismo, también es habitual sustituir el lenguado por panga o el pez espada por cazón.

Es de destacar que el rape negro es uno de los productos pesqueros con mayor porcentaje de etiquetado erróneo, con tasas superiores al 30%, mientras que el salmón y los pequeños pelágicos se sitúan en el 10%. En una posición intermedia figuran el pescado blanco y los túnidos, dos de los grupos más consumidos, con tasas de error próximas al 20%.

Según el estudio, el grupo en el que se detecta una mayor afectación al consumidor es el de los escómbridos —que incluye atunes, caballas y especies afines—, con una pérdida media estimada de 218,1 millones de euros. El segundo es el de los gádidos, entre los que figuran el bacalao, el abadejo y especies próximas, con una pérdida media de 57,1 millones de euros, seguida por la merluza, con un impacto aproximado de 29 millones de euros. Asimismo, el estudio revela que cuanto mayor es el grado de procesamiento, mayor es el fraude en el etiquetado y que el pescado comercializado a nivel internacional es la tercera categoría de alimentos con mayor riesgo potencial de fraude.

El informe recoge que, además de los perjuicios económicos, este fraude favorece la



competencia desleal, la falta de trazabilidad y la pesca ilegal, así como otras prácticas que, en general, debilitan al sector pesquero gallego que cumple con las normas escrupulosamente. La alternativa es, tal y como viene defendiendo el BNG, promover el consumo de productos de proximidad y la potenciación de los productos pesqueros que llegan a nuestras lonjas, como forma de consumo más responsable, sostenible y de calidad.

En la misma línea, la propia FAO viene advirtiendo de este problema en distintos informes como el titulado «El fraude alimentario en el sector de la pesca y la acuicultura», que recoge que el 20% del pescado que se vende en el mundo está mal etiquetado.

El sector pesquero gallego lleva tiempo reclamando un refuerzo de los controles, la mejora de la información a los consumidores, la trazabilidad y la documentación electrónica como algunas de las medidas para garantizar que la especie indicada en la etiqueta es la misma que el producto que se vende. Se trata de garantizar la confianza y la credibilidad en toda la cadena hasta que el producto llega a los consumidores.

Así pues, el Gobierno debe, dentro de sus competencias y en colaboración con la Xunta de Galicia y el resto de las CC. AA., adoptar las medidas que ayuden a reducir el fraude en el etiquetado de los productos pesqueros para defender al sector y a las personas consumidoras.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué valoración hace el Gobierno sobre los estudios mencionados que indican un importante fraude en el etiquetado de pescado y productos pesqueros comercializados en el Estado español?
2. ¿Tiene estudios propios o una cuantificación sobre el impacto del fraude en el etiquetado de los productos del mar estimado en 683,3 millones de euros de valor medio? ¿Qué acciones emprenderá teniendo en cuenta que el impacto económico en los hogares se calcula en torno a 320 millones de euros?
3. ¿Cómo valora que ciertas especies acumulen un porcentaje erróneo en el etiquetado que llega a tasas de hasta el 30% o el 20%? ¿Comparte que se trata de una práctica abusiva que debe ser abordada?
4. ¿Qué inspecciones realiza el Gobierno en toda la cadena de importación de pescado internacional? ¿Ha detectado prácticas fraudulentas y competencia desleal? ¿Si es así, qué mecanismos está implementando para erradicarlas?



5. ¿Comparte la idea de que una de las medidas sería apostar por la promoción del consumo local de pescado, fomentando el consumo de productos pesqueros de proximidad?
6. ¿Qué medidas está adoptando el Gobierno para combatir el fraude en el etiquetado del pescado en general y, muy en particular, en los productos del mar procesados? ¿Está en condiciones el Gobierno de asegurar que todos los productos del mar que llegan a los consumidores cumplen con todos los requisitos en materia sanitaria que se les exigen?
7. ¿Reforzará los controles? ¿Adoptará medidas para mejorar la información a los consumidores y la veracidad del etiquetado, de forma que se garantice que lo que compran se corresponde con lo pagado?
8. ¿Es consciente de las consecuencias económicas que tiene este fraude en el sector pesquero gallego?
9. ¿Considera el Gobierno que la legislación actual sobre el etiquetado de los productos del mar es suficiente? ¿Valora o ha valorado en algún momento modificarla y reforzarla? ¿De ser así, en qué sentido?

En Madrid, a 25 de mayo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

25 MAY. 2026 14:26:46

Entrada **116498**

Sobre a fraude na etiquetaxe de produtos pesqueiros

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á fraude na etiquetaxe de produtos do mar.**

A Universidade de Cantabria vén de facer público un estudo en que se indica que a fraude na etiquetaxe de produtos do mar ascende a 683,3 millóns de euros de valor medio atendendo ao peixe e marisco mal identificado e que cifra o impacto nas economías domésticas en 320,1 millóns de euros. A fraude, fundamentalmente a través da substitución de especies e a etiquetaxe incorrecta de produtos pesqueiros ten consecuencias económicas, ambientais e de confianza nos consumidores nun marco xeral de caída do consumo de peixe e produtos pesqueiros.

Algunhas das especies substituídas que se mencionan son, por exemplo, facer pasar o abadexo por bacallau ou pescada, salmón do Pacífico por salmón do Atlántico, xuliana por peixe sapo ou vender especies de túnidos de menor valor como se fosen atún vermello. Así mesmo, tamén é habitual substituír o linguado por panga ou peixe espada por quenlla.

É de destacar que o peixe sapo é un dos produtos pesqueiros con maior porcentaxe de etiquetaxe errónea, con taxas superiores a 30%, mentres que o salmón e os pequenos peláxicos fican en 10%. Nunha posición intermedia figuran o peixe branco e os túnidos, dous dos grupos máis consumidos, con taxas de erro próximas a 20%.

Segundo o estudo, o grupo en que se detecta unha maior afectación para o consumidor é o dos escómbridos —que inclúe atúns, xardas e especies afíns—, cunha perda media estimada de 218,1 millóns de euros. O segundo é o dos



gádidos, entre os que figuran o bacallau, o abadexo e especies próximas, cunha perda media de 57,1 millóns de euros para, a continuación, situar a pescada, cun impacto aproximado de 29 millóns. Así mesmo, o estudo revela que, canto maior é o grao de procesamento, maior é a fraude na etiquetaxe e que o peixe comercializado a nivel internacional é a terceira categoría de alimentos con maior risco potencial de fraude

O informe recolle que, ademais dos prexuizos económicos, esta fraude favorece a competencia desleal, a falta de trazabilidade e a pesca ilegal, así como outras prácticas que, en xeral, debilitan ao sector pesqueiro galego que cumpre coas normas escrupulosamente. A alternativa é, tal e como ven defendendo o BNG, promover o consumo de produtos de proximidade e a potenciación dos produtos pesqueiros que chegan ás nosas lonxas, como forma de consumo máis responsábel, sustentábel e de calidade.

Na mesma liña, a propia FAO ven advertindo deste problema en distintos informes como o titulado “A fraude alimentaria no sector da pesca e a acuicultura”, que recolle que 20% do peixe que se vende no mundo está mal etiquetado.

O sector pesqueiro galego leva tempo reclamando un reforzo dos controis, a mellora da información aos consumidores, a trazabilidade e a documentación electrónica como algunhas das medidas para garantir que a especie indicada na etiqueta é a mesma que o produto que se vende. Trátase de garantir a confianza e a credibilidade en toda a cadea até que o produto chega aos consumidores.

Así pois, o Goberno debe, dentro das súas competencias e en colaboración coa Xunta da Galiza e o resto de CCAA, adoptar as medidas que axuden a reducir a fraude na etiquetaxe dos produtos pesqueiros para defender ao sector e ás persoas consumidoras.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:



1. Que valoración fai o Goberno sobre os estudos mencionados que indican unha importante fraude na etiquetaxe de peixe e produtos pesqueiros comercializados no Estado español?
2. Ten estudos propios ou unha cuantificación sobre o impacto da fraude na etiquetaxe dos produtos do mar estimada en 683,3 millóns de euros de valor medio? Que accións emprenderá tendo en consideración que o impacto económico nos fogares calcúlase en torno a 320 millóns de euros?
3. Como valora que certas especies acumulen unha porcentaxe errónea na etiquetaxe que chega a taxas de até 30 ou 20%? Comparte que se trata dunha práctica abusiva que debe ser abordada?
4. Que inspeccións realiza o Goberno en toda a cadea de importación de peixe internacional? Detectou prácticas fraudulentas e competencia desleal? Se é así, que mecanismos está a implementar para erradicarlas?
5. Comparte que unha das medidas sería apostar pola promoción do consumo local de peixe, apostando polo consumo de produtos pesqueiros de proximidade?
6. Que medidas está a adoptar o Goberno para combater a fraude na etiquetaxe do peixe en xeral e moi en particular nos produtos do mar procesados? Está en condicións o Goberno de asegurar que todos os produtos do mar que chegan aos consumidores cumpren con todos os requisitos en materia sanitaria que lle son exixíbeis?.
7. Reforzará os controis? Adoptará medidas para mellorar a información os consumidores e a veracidade da etiquetaxe de forma que se garanta que o que mercan se corresponde co pagado?



8. É consciente das consecuencias económicas que esta fraude ten no sector pesqueiro galego?
9. Considera o Goberno que a lexislación actual sobre a etiquetaxe dos produtos do mar é suficiente? Valora ou valorou nalgún momento modificala e reforzala? Se é así, en que sentido?.

Madrid, a 25 de maio de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso